

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE ABRIL DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:40 horas do día 12 de abril de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 10 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste aos puntos 2b e 3b por delegación do xefe do Servizo de Deportes de data 9 de abril de 2018)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2c, 3c, 4, 7, 8a, 8b, 9a, 9b e 10a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 5 de abril de 2018

Apróbese a acta da sesión do 5 de abril de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 9 de abril de 2018

Retírase por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto "Vigo Vertical", cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 5 de abril de 2018, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días hábiles á UTE NORFORMACIÓN, S.L.-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:56	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64C-C4D13D-5E5832-UVSJ24-MB9A26-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CENTROS DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. para que emendase a documentación presentada o 3 de abril de 2018 (“*pois ao terse presentado a través do Rexistro Electrónico os documentos que achega debe estar asinados dixitalmente; en caso contrario, deberá presentar a documentación orixinal a través do Rexistro Presencial*”).

Dentro do prazo concedido o citado licitador presentou nova documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento á UTE NORFORMACIÓN, S.L.- CENTROS DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da concellaría de deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 1. SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L.
 2. EULEN, S.A.
 3. ITMA, S.L.
 4. LIMPIEZAS CÍES, S.L.
 5. MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440)

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto por D. Manuel Duarte Garrido, en representación de COMPLEMENTOS POLICIALES, S.L. contra os pregos que rexen esta contratación; así como do escrito presentado por D. Dámaso Pena González, secretario xeral do SICO de data 11 de abril de 2018 (documento con rexistro de entrada 180052903).

Tendo en conta o anterior, a Mesa acorda non proceder á apertura das proposicións.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:56	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64C-C4D13D-5E5832-UVSJ24-MB9A26-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

A empresa XEDEGA presenta un único exemplar polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación.

Asisten á apertura D. Antonio Amor García, con DNI 32.418.175-R, en representación da UTE DESSA URBANISMO, S.L.N.E e GARCÍA-ALÉN ASESORES; e D^a. Alba Valdés Rodríguez, con DNI 53.173.217-J, en representación de INOVA LABS.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da concellaría de deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

* EULEN, S.A. declara confidencial a súa oferta.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440)

Retírase este asunto.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	ORESA, S.L.	454.877,49 €
2	ELSAMEX, S.A.	466.480,00 €
3	CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	435.540,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:56	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64C-C4D13D-5E5832-UVSJ24-MB9A26-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Prezo
4	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	451.724,00 €
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	429.590,00 €
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	486.829,00 €
7	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	464.363,07 €
8	NAROM, S.L.	455.770,00 €

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Javier Carballada Alonso, con DNI 36.117.710-M, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DE CONSTRUCCIÓN; e D^a. María Caride Rial, con DNI 39.456.736-Y, en representación de COPCISA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	231.868,39
2	ORESA, S.L.	232.327,54
3	ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L.	231.715,00
4	ORECO, S.A.	249.622,02
5	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	232.786,68
6	COPCISA, S.A.	236.398,63
7	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	248.876,50
8	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	226.940,23
9	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	229.955,44
10	NAROM, S.L.	222.134,51
11	ELSAMEX, S.A.	242.000,00
12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	231.960,00
13	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES,	234.776,09



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:56	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64C-C4D13D-5E5832-UVSJ24-MB9A26-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo
	S.A. (GPD CONSTRUCCIONES S.A.)	
14	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	214.420,87
15	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	238.249,00
16	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	234.929,36
17	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	235.950,00

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Javier Carballeda Alonso, con DNI 36.117.710-M, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DE CONSTRUCCIÓN; e D^a. María Caride Rial, con DNI 39.456.736-Y, en representación de COPCISA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 27 de marzo de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. UTE G.O.C, S.A. - NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.
2. UTE GALAICONTROL, S.L.-HERMOSO & HEIMANNSFELD ARQUITECTOS,S.L.P. - LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ

Durante o prazo concedido, o 4 de abril de 2018, presentou documentación a UTE G.O.C, S.A. - NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.

Non presentou documentación en prazo a UTE GALAICONTROL, S.L. - HERMOSO & HEIMANNSFELD ARQUITECTOS,S.L.P. - LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 10 de abril de 2018 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen “non se pode chegar a convicción da viabilidade e seriedade da oferta presentada pola mercantil”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. UTE G.O.C, S.A. - NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:56	Páxina 5 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64C-C4D13D-5E5832-UVSJ24-MB9A26-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. UTE GALAICONTROL, S.L.-HERMOSO & HEIMANNSFELD ARQUITECTOS,S.L.P. - LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión e Proxectos e Inspección Técnica de Obras, a enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 10 de abril de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 10 de abril de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 10 de abril de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 11 de abril de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión e Proxectos e Inspección Técnica de Obras, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:56	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64C-C4D13D-5E5832-UVSJ24-MB9A26-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 10 de abril de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 10 de abril de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 10 de abril de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 11 de abril de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de marzo de 2018, de SENER INGENIERÍA Y SISTEMAS, S.A. por non superar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:56	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64C-C4D13D-5E5832-UVSJ24-MB9A26-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Camiños, Canles e Portos-FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 10 de abril de 2018:

1. UTE G.O.C, S.A. - NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.
2. UTE GALAICONTROL, S.L.-HERMOSO & HEIMANNSFELD ARQUITECTOS,S.L.P. - LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	PEDRO DE LA PUENTE CRESPO	89,88
2	UTE TYPESA - MC2 - SOLTEC INGENIEROS, S.L.	82,75
3	IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.	79,59

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 2.113,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de febreiro de 2018, de non admisión neste procedemento a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. por non ter presentado correctamente a declaración responsable incluída no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares; concretamente, ao non ter declarado a clasificación esixida (*grupo G “Viais e pistas”, subgrupo 6 “Obras viais sen cualificación específica”, categoría 4”*).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:56	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64C-C4D13D-5E5832-UVSJ24-MB9A26-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

“Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	89,00
2	PRADO LAMEIRO, S.L.	84,08
3	OBRAS Y SEVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	82,88
4	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	75,40
5	INGENIERÍA Y DISEÑOS TÉCNICOS, S.A.U. (INDITEC MEDIOAMBIENTE)	22,73

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 763,96 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	JARDINCELAS, S.L.	92,5
2	ZONA OBRA O ROSAL, S.L.U.	88,4



3	ELSAMEX, S.A.U.	81,45
4	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	80,29
5	CERNADAS, S.L.	72,42
6	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	56,93
7	HPC IBÉRICA,S.A.	50,9

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, JARDINCELAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 992,82 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 27 de marzo de 2018, adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:56	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64C-C4D13D-5E5832-UVSJ24-MB9A26-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	94,76
2	VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES, S.A.	93,52
3	DRAGADOS, S.A.	91,83
4	CIVISGLOBAL, S.L.U.	89,27
5	UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. - AIRAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	89,49
6	UTE C.D. INDEPO, S.L. - HIDROMIÑO, S.L.	88,68
7	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	86,39
8	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	86,15
9	EXTRACO, S.A.	85,35
10	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	83,68
11	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	83,27
12	CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	80,74
13	UTE PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. - CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	79,75
14	UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.	78,95
15	FERROVIAL AGROMAN, S.A.	77,03
16	COPCISA, S.A.	75,97
17	UTE API MOVILIDAD-ECCASAS	74,73

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 851,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, o día 4 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 12 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de abril de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 15 e 23 de marzo de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA o procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440) coas seguintes condicións por un prezo total de 4.066.810,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 705.810,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:56	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64C-C4D13D-5E5832-UVSJ24-MB9A26-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		